



xavi talleda (cc. by-nc-sa)

## O meu tesouro

Folla de ruta para o profesorado.

[Ver o mapa](#)

Material elaborado por:

Xoanca Albarells

Benxa Salgado



## A historia do meu tesouro

Meu tataravó viviu no mar a maior parte da súa vida. Chamábase Antón, Era carpinteiro, e desenvolvía a súa profesión en barcos mercantes, dun lado a outro do mundo, de continente en continente. Seino, porque meu avó sempre está contando as súas historias. Eu pensaba que a maioría estaban inventadas ou que cando menos adornadas con moita fantasía.

Pero sucedeu algo que me ten totalmente entusiasmado. Atopei por casualidade unha maleta vella no almacén do meu avó e pregunteille para que era; díxome que era do meu tataravó... que só contiña papeis amarelentos, documentos persoais do vello, inservibles, pero que nunca fora quen de desfacerse deles por cuestións afectivas. Entón ocorréuseme a idea de pedirlle que ma deixara gardar a min, quería aproveitar para ver se había algunha referencia ás historias que me contou del.

Levo varios días mirando papeis entusiasmado. Descubrín algo que me ten engaiolado, nun peto da maleta, moi disimulado e que descubrín cando estaba valeira de papeis, había un estraño caderno. Polo que parece é algo así como un diario no que o meu tataravó apuntaba datos sobre os lugares polos que pasaba, con coordenadas e todo, e con apuntamentos curtos pero moi clariños do que lle aconteceu en cada lugar. E o máis alucinante de todo isto, é que ten marcadas as coordenadas dun tesouro afundido no mar, e pon con letras grandes, e esta vez en galego: *“AQUÍ ESTÁ O MEU TESOURO, ESTOU SEGURO”*. E non o ides crer, eu case que tampouco, as veces penso se o estou soñando, *“fai tres días saíu na prensa que apareceu un tesouro afundido, que o levaban buscando dende fai moitos anos, E COINCIDEN AS COORDENADAS!...”*






Conteille todo ao avó e fíxome unha proposta que me parece xenial, pedíume que preparara esta historia para contarlla a todo o mundo, e aquí estou (e el está a corrixirme o que fago, que para iso é mestre). Pero non me gusta moito escribir, polo que vou a facelo doutro xeito, a ver que vos parece!...



- Meu avó ensinoume a manexar Google Earth, polo que vou marcar as coordenadas que recuperei do caderno do meu tataravó Antón, e vou ir contando a historia como se fora a súa propia aventura. En cada lugar deixarei os apuntamentos do caderno e unha pista, ou unha tarefa, para dar coas seguintes coordenadas.
- Ao final da historia temos que localizar o seu tesouro.
- Sería bo que vos xuntarades por equipos para facer máis áxil a viaxe.
- Se colaborades e vos contades o que atopou cada un chegaredes antes ao final.
- Espero que vos divirta tanto como a min.

## ZARPAMOS?

Imos darlle a cada equipo un porto de saída, son catro portos que temos rexistrados no caderno e dos que el tamén zarpuo nalgunha das súas viaxes. Cando atopedes as coordenadas, e polo tanto o porto, teredes unha pista ou unha proba para saber cal é o primeiro destino.









## Equipo 1



Ref	Lugar	Tarefa	Enlaces	Solución
C	SAIDA: <b>Santiago de Compostela</b> <a href="#">Street view</a> Galicia	Saberíades determinar cales destas coordenadas pertencen ao voso porto de destino?		42° 13' 56.85" N 8° 44' 41.81" W
P0	<b>Porto de Vigo</b> <a href="#">Street view</a> Galicia	Hai un barrio en Vigo que dou orixe ao seu porto e practicamente a toda a cidade. Investiga como se chama.		Berbés
P1	<b>Liberty State Park</b> <a href="#">Gallery</a> New York	A Estatua da Liberdade foi un regalo de Francia aos EEUU. Foi enviada desmontada en numerosas caixas. 1- Sabes exactamente en cantas? 2- Canto mide a estatua sen o pedestal? 3- En cantas pezas se desmontou?		R1- 214 R2- 46 m R3- 350
P2	<b>Parque Nacional Table Mountain</b> <a href="#">Gallery</a> Sudáfrica	1- Descubre como se chama o animal máis común do parque. 2- Aínda que en África o león é o rei... sabes cando foi a última vez que se veu un león en Table Mountain	  	R1- Dassie R2- 1802
C3	<b>Mill Network at Kinderdijk</b> <a href="#">Gallery</a> Holanda	Escollemos este lugar de encontro polas súas semellanzas con Galicia (paisaxes, agricultura e gandeiría...). Pero nesta pausa da viaxe temos que poñer en común cousas que aprendemos en cada equipo para poder seguir adiante... 1. Por que motivo lle regalou Francia a Estatua da Liberdade a EEUU. 2. O Monte dos Olivos ten moito significado relixioso para os cristiáns e os xudeus, pero tamén para os musulmáns... porqué? 3. Cantos astronautas conseguiron pisar a Lúa ata agora? 4. En que ano empezaron os traballos de construción do Palacio		R1- centenario da súa independencia R2- Según os musulmáns por alí pasou tamén Mahoma na súa ruta da Meca a Xerusalén e detívose na Tumba de María para iluminala. R3- 12 R4- 1904

	Nacional de México. Coñecido posteriormente como “Palacio das Belas Artes”?		
<b>P4</b> <b>National Museum of Iraq</b> Gallery Iraq	Entrade no museo virtual e gozade da visita. Aínda que está en italiano, non vos será complexo buscar durante a mesma o seguinte dato: Canto mide de longo a figura denominada: “Seleucia al Tigrí”		31 cm (na sala Partica e Sasanide)
<b>P5</b> <b>Heron Island</b> Gallery (Submarina) Australia	Impresionante fauna mariña, pero hai dúas especies de tartarugas en perigo de extinción. No seguinte artigo fala delas. Tradúcido e resolvede a pregunta. Como se chaman as dúas especies de tartarugas en perigo de extinción que podemos atopar nas augas de Heron Island?		tartaruga verde e tartaruga boba
<b>C6</b> <b>Os pingüins da Antártica</b> Gallery Antártida	Xuntámonos de novo todos os equipos nun lugar moi especial, frío, pero acolledor. Teremos que resolver a seguinte tarefa para rematar a viaxe e dar co tesouro. Logo de contarvos e ensinarvos as cousas que máis vos chamaron a atención da vosa viaxe, investigade a que lugar pertencen estas coordenadas e cal é a cidade máis próxima ás mesmas... nelas atópase o tesouro do meu tataravó: <b>43° 27′ 41.01″ N – 8° 18′ 55″ O</b>		Ferrol
<b>FIN</b> <b>O TESOURO</b> <b>Bahía de Cariño. Ferrol Galícia</b>	<b>Aquí atópase o tesouro:</b> <a href="#">Ver o que hai afundido aquí</a> <a href="#">De que se trata?</a> <a href="#">Audio</a> <a href="#">Máis novas relacionadas</a> <a href="#">RNE: historia da busca</a>		

Referencias da primeira columna: P = punto de destino propio do equipo; C = punto común de todos os equipos.







## Equipo 2



Ref	Lugar	Tarefa	Enlaces	Solución
C	SAIDA: <b>Praza do Obradoiro - Santiago de Compostela</b> <a href="#">Street view</a> Galicia	Saberíades determinar cales destas coordenadas pertencen ao voso porto de destino?		42° 33' 31.91" N 8° 59' 14.09" W
P0	<b>Porto de Ribeira</b> <a href="#">Street view</a> Galicia	En 1906 a Santa Uxía de Ribeira foille concedido o título de cidade. Que autoridade foi a responsable deste feito?	 	Alfonso XIII
P1	<b>Monte dos Olivos. Jerusalén</b> <a href="#">Gallery</a> Jerusalén	Ademais de ser un lugar con moito significado para os cristiáns, no Monte dos Olivos hai un importante cemiterio xudeu, xa que na súa relixión tamén ten moito contido espiritual. Nun estudio das autoridades chegaron a contar as tumbas que existen no mesmo. Descubre a que cantidade chegaron.	  	150.000
P2	<b>Pompeia.</b> <a href="#">Gallery</a> Italia	Antes de ser sepultada polas cinzas e a lava do volcán Vesubio, Pompeia era unha cidade próspera e cunha arquitectura urbano curiosa para o seu tempo. Por exemplo, tiña beirarrúas elevadas para as persoas, algunhas ata máis de 1 metro, con grandes bloques de pedra a xeito de paso de cebra para cruzar dunhas a outras. Investigade porqué construían así as calles.	  	Por que estaban cheas de lixo e esterco das mulas e asnos
C3	<b>Mill Network at Kinderdijk</b> <a href="#">Gallery</a> Holanda	Escollemos este lugar de encontro polas súas semellanzas con Galicia (paisaxes, agricultura e gandeiría...). Pero nesta pausa da viaxe temos que poñer en común cousas que aprendemos en cada equipo para poder seguir adiante... 1. Por que motivo lle regalou Francia a Estatua da Liberdade a EEUU. 2. Monte dos Olivos ten moito significado relixioso para os cristiáns e os xudeus, pero tamén para os musulmáns...		R1- centenario da súa independencia R2- Según os musulmáns por alí pasou tamén Mahoma na súa ruta da Meca a Xerusalén e detívose na Tumba de María para iluminala. R3- 12

	<p>porqué?</p> <p>3. Cantos astronautas conseguiron pisar a Lúa ata agora?</p> <p>4. En que ano empezaron os traballos de construción do Palacio Nacional de México. Coñecido posteriormente como "Palacio das Belas Artes"?</p>		R4- 1904	
P4	<p><b>Manaos</b> <a href="#">Gallery</a> Amazonas-Brasil</p>	<p>A "Pororoca" é unha gran ola que se produce no Amazonas (17 km de percorrido e ata 4 m de altura), dúas veces ao ano, e pese ao perigo dos peixes carnívoros é utilizada polos amantes do "surf" de todo o mundo. Porqué se produce este peculiar fenómeno?</p>		<p>Pola penetración das augas do Océano Atlántico na desembocadura do Amazonas</p>
P5	<p><b>Ipanema</b> <a href="#">Gallery</a> Brasil</p>	<p>O barrio de Ipanema, en Río de Janeiro, fixo famosa unha canción, "A garota de Ipanema", que fala dunha rapaza que paseaba polas súas rúas e namorou ao poeta que a escribiu. Logo de moitos anos descubriuse quen era esa rapaza. Actualmente ten máis de 60 anos e utiliza un nome artístico, pero buscade o seu nome real e completo.</p>		<p>Heloísa Eneida Menezes Paes Pinto</p>
C6	<p><b>Os pingüíns da Antártica</b> <a href="#">Gallery</a> Antártida</p>	<p>Xuntámonos de novo todos os equipos nun lugar moi especial, frío, pero acolledor. Teremos que resolver a seguinte tarefa para rematar a viaxe e dar co tesouro. Logo de contarvos e ensinarvos as cousas que máis vos chamaron a atención da vosa viaxe, investigade a que lugar pertencen estas coordenadas e cal é a cidade máis próxima ás mesmas... nelas atópase o tesouro do meu tataravó: <b>43° 27' 41.01" N – 8° 18' 55" O</b></p>		<p>Ferrol</p>
FIN	<p><b>O TESOURO</b> <b>Bahía de Cariño. Ferrol</b> Galicia</p>	<p><b>Aquí atópase o tesouro:</b> <a href="#">Ver o que hai afundido aquí</a> <a href="#">De que se trata?</a> <a href="#">Audio</a> <a href="#">Máis novas relacionadas</a> <a href="#">RNE: historia da busca</a></p>		

Referencias da primeira columna: P = punto de destino propio do equipo; C = punto común de todos os equipos.

## Equipo 3







Ref	Lugar	Tarefa	Enlaces	Solución
C	SAIDA: <b>Santiago de Compostela</b> <a href="#">Street view</a> Galicia	Saberíades determinar cales destas coordenadas pertencen ao voso porto de destino?		43° 21' 42.77" N 8° 23' 25.05" W
P0	<b>Porto da Coruña</b> <a href="#">Street View</a> Galicia	O Castelo de Santo Antón formou parte da estrutura de defensa do porto e da cidade da Coruña. Investiga en que ano rematou a súa construción.	 	1590
P1	<b>Centro espacial Kennedy (NASA)</b> <a href="#">Gallery</a> EEUU	Aínda que na memoria e nos medios quedou retratado o primeiro paso do home na Lúa, ala polo ano 1969, na misión do Apolo XI, realmente foron varias as misións da NASA con éxito no noso querido satélite. Cantas foron en total?	 	6: Apolos XI, XII, XIV, XV, XVI e XVII
P2	<b>Castelo de Kumamoto</b> <a href="#">Gallery</a> Japón	Este magnífico castelo ten unha longa historia. Foi construído no ano 1607 e é un dos máis antigos castelos medievais. Foi un dos lugares onde se librou a guerra civil xaponesa. Investigade o século e o ano da mesma.	 	S. XIX-1877
C3	<b>Mill Network at Kinderdijk</b> <a href="#">Gallery</a> Holanda	Escollemos este lugar de encontro polas súas semellanzas con Galicia (paisaxes, agricultura e gandeiría...). Pero nesta pausa da viaxe temos que poñer en común cousas que aprendemos en cada equipo para poder seguir adiante... <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Por que motivo lle regalou Francia a Estatua da Liberdade a EEUU.</li> <li>2. O Monte dos Olivos ten moito significado relixioso para os cristiáns e os xudeus, pero tamén para os musulmáns... porqué?</li> <li>3. Cantos astronautas conseguiron pisar a Lúa ata agora?</li> <li>4. En que ano empezaron os traballos de construción do Palacio Nacional de México. Coñecido posteriormente como "Palacio das Belas Artes"?</li> </ol>		R1- centenario da súa independencia R2- Según os musulmáns por alí pasou tamén Mahoma na súa ruta da Meca a Xerusalén e detívose na Tumba de María para iluminala. R3- 12 R4- 1904





<b>P4</b> <b>Cataratas do Niágara</b> <a href="#">Gallery</a> New York	El río Niágara, famoso polas súas cataratas, flúe entre dous lagos. Investigade o cales son.		Lago Erie e lago Ontario
<b>P5</b> <b>Shark Bay</b> <a href="#">Gallery</a> Australia	Na bahía de Shark, patrimonio da humanidade, existe un peculiar ser, único no mundo, que vive baixo a auga, e que é denominado como un “fósil vivo”, investigade sobre este fenómeno e determinade como se chama cientificamente.		Estromatolitos
<b>C6</b> <b>Os pingüíns da Antártica</b> <a href="#">Gallery</a> Antártida	Xuntámonos de novo todos os equipos nun lugar moi especial, frío, pero acoledor. Teremos que resolver a seguinte tarefa para rematar a viaxe e dar co tesouro. Logo de contarvos e ensinarvos as cousas que máis vos chamaron a atención da vosa viaxe, investigade a que lugar pertencen estas coordenadas e cal é a cidade máis próxima ás mesmas... nelas atópase o tesouro do meu tataravó: <b>43° 27' 41.01" N – 8° 18' 55" O</b>		Ferrol
<b>FIN</b> <b>O TESOURO</b> <b>Bahía de Cariño. Ferrol</b> Galicia	<b>Aquí atópase o tesouro:</b> <a href="#">Ver o que hai afundido aquí</a> <a href="#">De que se trata?</a> <a href="#">Audio</a> <a href="#">Máis novas relacionadas</a> <a href="#">RNE: historia da busca</a>		

Referencias da primeira columna: P = punto de destino propio do equipo; C = punto común de todos os equipos.



## Equipo 4

Ref	Lugar	Tarefa	Enlaces	Solución
C	SAIDA: <b>Santiago de Compostela</b> <a href="#">Street view</a> Galicia	Saberiades determinar cales destas coordenadas pertencen ao voso porto de destino?		43° 28' 51.42" N 8° 14' 55.84" W
P0	<b>Porto de Ferrol</b> <a href="#">Street view</a> Galicia	Unha das industrias máis importantes de Ferrol foron sempre a construción naval, cos seus estaleiros. Podedes determinar en que ano se construíu o primeiro barco nos mesmos?.	 	1858
P1	<b>Palacio de Bellas Artes de México</b> <a href="#">Gallery</a> México	Este palacio sufriu grandes demoras na súa construción, tanto por problemas económicos como por dificultades políticas. Ten unha larga historia. Descubride que arquitecto e en que data rematou definitivamente a súa construción.		Mariscal el 10 de marzo de 1934
P2	<b>molokini crater</b> <a href="#">Gallery</a> (Submarina) Hawái	O entorno submarino desta illa de Hawai está considerado como un dos 10 mellores lugares para mergullarse. Entre outras cousas por ser un dos que teñen máis visibilidade. Poderiades investigar ata que profundidade hai visión nas súas augas?	  	150 pies =46 m
C3	<b>Mill Network at Kinderdijk</b> <a href="#">Gallery</a> Holanda	Escollemos este lugar de encontro polas súas semellanzas con Galicia (paisaxes, agricultura e gandeiría...). Pero nesta pausa da viaxe temos que poñer en común cousas que aprendemos en cada equipo para poder seguir adiante... 1. Por que motivo lle regalou Francia a Estatua da Liberdade a EEUU. 2. O Monte dos Olivos ten moito significado relixioso para os cristiáns e os xudeus, pero tamén para os musulmáns... porqué? 3. Cantos astronautas conseguiron pisar a Lúa ata agora? 4. En que ano empezaron os traballos de construción do Palacio Nacional de México. Coñecido posteriormente como "Palacio das Belas Artes"?		R1- centenario da súa independencia R2- Según os musulmáns por alí pasou tamén Mahoma na súa ruta da Meca a Xerusalén e detívose na Tumba de María para iluminala. R3- 12 R4- 1904

<p><b>P4</b></p> <p><b>Nishihonganji temple</b>  <a href="#">Gallery</a>          Japón</p>	<p>Nishihonganji é un santuario con varios templos budistas. É coñecido, entre outras cousas por unha enorme porta que se divisa dende distintos puntos de Kioto. Averiguade o nome que se lle da a esta porta.</p>	 	<p>Porta do Salón do Fundador</p>
<p><b>P5</b></p> <p><b>Xardín Botánico Nacional de Kirstenbosch</b>  <a href="#">Gallery</a>          Sudáfrica</p>	<p>Este xardín, patrimonio da humanidade, está catalogado como un dos máis grandes espazos botánicos do mundo. Foi creado en 1.913 por un experto botánico inglés. Averiguade quen foi.</p>	 	<p>Harold Pearson</p>
<p><b>C6</b></p> <p><b>Os pingüíns da Antártica</b>  <a href="#">Gallery</a>          Antártida</p>	<p>Xuntámonos de novo todos os equipos nun lugar moi especial, frío, pero acolledor. Teremos que resolver a seguinte tarefa para rematar a viaxe e dar co tesouro. Logo de contarvos e ensinarvos as cousas que máis vos chamaron a atención da vosa viaxe, investigade a que lugar pertencen estas coordenadas e cal é a cidade máis próxima ás mesmas... nelas atópase o tesouro do meu tataravó:  <b>43° 27' 41.01" N – 8° 18' 55" O</b></p>		<p>Ferrol</p>
<p><b>FIN</b></p> <p><b>O TESOURO</b>  <b>Bahía de Cariño. Ferrol</b>          Galícia</p>	<p><b>Aquí atópase o tesouro:</b>  <a href="#">Ver o que haiafundido aquí</a>  <a href="#">De que se trata?</a>  <a href="#">Audio</a>  <a href="#">Máis novas relacionadas</a>  <a href="#">RNE: historia da busca</a></p>		

Referencias da primeira columna: P = punto de destino propio do equipo; C = punto común de todos os equipos.

El noraboa

Acabades de revivir unha parte da historia do meu tataravó. Espero que gozaredes tanto como o fixen eu lendo e descubrindo as historias do seu caderno.

Ten que ser xenial ser mariño, verdade? sempre coñecendo mundo, xentes, historias... Aínda que para ser sincero penso que tamén ten que ser bastante duro, coa familia tan lonxe. Sorte de ter estas ferramentas na Internet para poder viaxar de xeito tan doado, virtualmente, como din agora.

Creo que o tataravó Antón tiña que ser moi listo. A idea de anotar as coordenadas dos lugares que coñeceu non sei moi ben que finalidade tiña, pero se chega a saber o que tantos anos despois fixemos con elas de seguro que o faría moi feliz.

¿Que me dicides do tesouro? Aínda non dou entendido como foi capaz de saber que a "Regazona" estaba alí afundida, e mira ti que casualidade que fora atopada xustamente este ano. Meu avó dime que é unha casualidade, pero que pode ser parte do destino que veu a xuntar a nosa historia, a do meu tataravó e a miña.

Sabedes que quero facer agora? con todo o que me ensinou o avó con Internet, e o ben que o pasei, quero seguir inventando xogos coma este. Vou facer cos meus amigos un montón de preguntas buscando material en Internet. Cada quen vai buscar sobre un tema, o que máis lle guste (eu escollin os volcáns, é algo que me ten intrigado), e logo xuntarémolas todas e nos días de choiva botaremos unhas partidas para resolver as dos outros. ¿Meu avó díxome que tamén quería xogar. Será divertido.

Porqué non f'acedes o mesmo na vosa clase?. Falade coa vosa mestra, seguro que lle gusta a idea. E se poderdes pedídlle aos vosos avós e avoas que vos conten a súa vida, seguro que descubrirdes cousas que nin imaxinabades. Pode ser o punto de partida doutra nova historia.

Grazas por xogar comigo.

Salúdos.

Hugo.